

A CRONOLOXÍA DA AUGA

1664

Kristen Stewart, 2025

ESTREA EN NUMAX: 09.01.2025 | V.O.S.E. | +18 | 128 min

A escritora Lidia Yuknavitch encontrou a salvación, tras unha infancia e xuventude marcados polos abusos e as adicións, na literatura e a natación e acabou converténdose nunha exitosa mestra, nai e escritora.

«Un desbocado, impresionista e moi entregado retrato dunha vida atravesada polos abusos e a súa posterior redención a través da arte»
Luis Martínez, EL MUNDO



Entrevista con Kristen Stewart: «Este libro, e a súa adaptación, son moi físicos e viscerais»

A túa película é fiel ao libro de memorias de Lidia Yuknavitch, pero tamén logras traducilo á linguaxe cinematográfica dunha forma completamente singular. Que che atraeu inicialmente do libro? Hai certos libros que unha interioriza, que realmente viven no subconsciente. Pero cando lin este, foi algo impulsivo, case salvaxe. Foi marabilloso ter unha experiencia tan física coas páxinas dun libro e sentir que necesitaba achegarme á persoa que o creaba. Sentía como un berro rebelde. Como un lume fermoso ao que quería unirme. Hai obras de arte que te empurran a atopar a túa propia voz porque o simple feito de que existan significa que a túa tamén podería facelo. Esa é unha das razóns polas que o libro ten un seguimento tan de culto: é inclusivo, recoñécenos, e recoñece os nosos corpos dunha forma que nunca sentira tan impactante e tan física.

O libro ten unha estrutura non lineal, que deixa ao lector conectar os fragmentos, do mesmo xeito que ti confías en que o espectador participe nas memorias fragmentadas de Lidia. Onde viches o potencial da linguaxe cinematográfica para explorar esa narrativa da memoria? Pensei que o libro era unha cousa, pero que a película podía ser unha experiencia completamente diferente. A razón pola que debía ser unha película é porque camiñamos baixo un reloxo implacable —non hai escape ata que durmimos—, e o cinema é o máis próximo que temos á forma subconsciente en que a memoria habita nos nosos corpos. Ao ler este libro, sentín que Yuknavitch capturara algo profundamente cronolóxico, pero deliberadamente fóra de orde. Esa mesma fragmentación encarna o proceso de renarrar o trauma: ver a túa vida, entender que os recordos non son feitos, e recoñecer as nosas perspectivas cambiantes. Desde que as mulleres existimos, oprimíronnos, dixéronnos que gardemos silencio, cargando unha vergoña profunda. Ese peso compartido latexa a través da conciencia feminina colectiva. Ao lelo, sentínme eufórica. Quería ver esas imaxes cobrando vida, latexando e desbordándose na pantalla, e pensei: “Podemos realmente facer isto?”.

Como foi o proceso de pasar de actriz a directora, e por que *A cronoloxía da auga* era a película atinada para a túa primeira longametraxe? As experiencias máis formativas que tiven con directores foron profundamente recíprocas; hai moi pouco espazo entre o que facemos. E a medida que fun crescendo, a miña obsesión polo técnico, por como funcionan as cousas e o que se pode lograr, foi aumentando. Como se pode mirar algo de maneira diferente cunha cámara, como os actores poden interactuar con ser observados, como mirar a alguén. Antes de ler o libro, xa quería dedicarme a isto toda a miña vida. Pero non estaba preparada. Hai certos portais que se abren na vida, e este foi un deles. É, definitivamente, un deses momentos nos que “rompes o selo”, porque agora estou lista para facer dez películas máis no próximos cinco minutos. Só quero volver facelo.

Este libro, e a súa adaptación, son moi físicos e viscerais. Ese era o obxectivo. Pero tamén é un libro sobre a escritura e o proceso. Estou obsesionada co proceso con como redeseñar unha roda que foi deseñada por persoas que querían manternos fóra dese deseño. Entender por que facemos as cousas como as facemos, e se hai unha forma de achegarnos máis a algo máis honesto para nós. Máis honesto para min. E quizais, simplemente, permitírnos crecer e preguntarnos: “Por que o facemos así? E se o fixésemos destoutra maneira?”. Sempre quixen facer películas, e agora sinto que por fin estou lista.